

# **13º CONGRESO NACIONAL ORDINARIO PSdeG-PSOE**

## **CONVOCATORIA**

Comisión Xestora do PSdeG-PSOE, 26 de agosto de 2017

## **1. OBXECTO DA CONVOCATORIA**

A Comisión Xestora do PSdeG-PSOE, facultada pola Comisión Executiva Federal a través da resolución CEF/so 17/0004, aprobou esta convocatoria que ten por obxecto establecer as bases do proceso congresual e o calendario para a Celebración do 13º Congreso Nacional Ordinario do PSdeG-PSOE. Nela, inclúese:

- A elección do/a Secretario/a Xeral do PSdeG-PSOE.
- A elección de delegados e delegadas ao 13º Congreso Nacional ordinario.
- A presentación de emendas ao Relatorio Marco e ós Estatutos Nacionais.
- A elección da Comisión Executiva Nacional.
- A elección da Comisión Nacional de Ética.
- A elección da Comisión Nacional de Control Económico.
- A elección dos membros dos Comités Nacional e Federal a nomear polo Congreso Nacional.

Este proceso congresual desenvolverase no marco do establecido nos Estatutos do Partido, no Regulamento Federal de Congresos, na normativa do Partido que resulte de aplicación, e nas presentes bases.

## **2. DISPOSICIÓNS XERAIS**

Tendo en conta o establecido na disposición transitoria primeira dos Estatutos Federais, aprobados polo 39º Congreso Federal, no 13º Congreso do PSdeG-PSOE a elección de delegados e delegadas e da Secretaría Xeral do PSdeG-PSOE rexerese polas normas vixentes con anterioridade a celebración do 39º Congreso Federal.

En consecuencia, a elección da Secretaría Xeral da Comisión Executiva Nacional do PSdeG-PSOE realizarase nunha soa volta mediante sufraxio individual, directo e segredo da militancia e afiliados/as directos/as do PSdeG-PSOE e da militancia das Xuventudes Socialistas de Galicia.

A elección de delegados/as ao 13º Congreso Nacional realizarase nas correspondentes Asembleas Locais e Municipais a través de votación de listas completas, pechadas e bloqueadas.

As agrupacións municipais poderán formular suxestións á Orde do Día, presentar proposicións e emendas de calquera natureza coa condición de que obteñan un mínimo do vinte por cento de apoio na correspondente asemblea.

A elección da Comisión Executiva Nacional do PSdeG-PSOE farase mediante o sistema de voto maioritario, a proposta do/a Secretario/a Xeral electo/a, por voto individual, directo e segredo dos delegados/as con dereito a voto no 13º Congreso Nacional ordinario do PSdeG-PSOE.

A elección das Comisións Nacionais de Ética e de Control Económico realizarase mediante votación individual e secreta dos delegados/as con dereito a voto no Congreso Nacional ordinario do PSdeG-PSOE previa presentación das correspondentes candidaturas diante da Comisión Electoral, en listas completas, pechadas e bloqueadas, de acordo co sistema de voto maioritario.

A elección dos membros dos Comités Nacional e Federal a elixir polo Congreso Nacional efectuarase mediante votación individual e secreta dos/as delegados/as con dereito a voto, previa presentación

das candidaturas diante da Comisión Electoral, en listas completas, pechadas e bloqueadas de acordo co sistema establecido na Disposición Adicional Segunda do Regulamento Federal de Congresos.

### 2.1. Datas e lugar de celebración do 13º Congreso do PSdeG-PSOE

O 13º Congreso Nacional Ordinario celebrarase os días 27, 28 e 29 de outubro de 2017, en Santiago de Compostela, no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia.

### 2.2. Calendario coas datas máis relevantes do proceso congresual

Calendario do proceso a seguir para a celebración do 13º Congreso Nacional ordinario do PSdeG-PSOE	
■ Aprobación da convocatoria do 13º Congreso Nacional	26 de agosto
■ Presentación de precandidaturas	4-5 setembro (12 horas)
■ Recollida e presentación de avais	7-20 setembro (12 horas)
■ Proclamación e recursos	21-25 setembro
■ Campaña de información	26 setembro-7 outubro
■ Xornada de votación elección da Secretaría Xeral do PSdeG-PSOE	8 outubro
■ Proclamación e recursos	9-13 outubro
■ Asembleas: elección de delegados/as, debate relato, presentación emendas	9-12 outubro
■ Remisión da documentación polas Agrupacións á sede do PSdeG-PSOE	13 outubro
■ Celebración do 13º Congreso Nacional do PSdeG-PSOE	27, 28, 29 outubro

### 2.3. Orde do día provisional do 13º Congreso Nacional do PSdeG-PSOE

1. Ditame da Comisión de Credenciais e constitución do 13º Congreso Nacional.
2. Elección da Mesa do 13º Congreso Nacional.
3. Saúdo da Presidencia do 13º Congreso Nacional e apertura do Congreso.
4. Saúdo da Presidenta da Comisión Xestora do PSdeG-PSOE.
5. Saúdo do/a Secretario/a Xeral do PSdeG-PSOE.
6. Elección da Comisión Electoral do Congreso e apertura do prazo de presentación de candidaturas: Comisión Executiva Nacional, Comisión Nacional de Ética, Comisión Nacional de Control Económico, membros dos Comités Federal e Nacional.
7. Constitución das comisións de traballo e debate de emendas.
8. Proclamación das candidaturas presentadas diante da Comisión Electoral.
9. Presentación e aprobación polo plenario das resolucións das comisións de traballo. Se procede, debate e votación de emendas.
10. Votación das candidaturas proclamadas.
11. Proclamación dos resultados das votacións.
12. Clausura.

### 2.4. Relatorio Marco e Estatutos do PSdeG-PSOE

A Comisión Xestora do PSdeG aprobará o Relatorio Marco do 13º Congreso Nacional, que será remitido ás Agrupacións Municipais.

## 2.5. Composición do 13º Congreso Nacional Ordinario.

Son membros con dereito a voz e voto:

- Os delegados/as elixidos/as nas asembleas das Agrupacións Municipais. **O baremo a aplicar será o de un/unha delegado/a por cada 30 militantes ou fracción igual ou superior a 18. Adicionalmente, todas as Agrupacións con 5 ou máis militantes terán un delegado/a máis.**
- Os delegados/as de Xuventudes Socialistas de Galicia, nun número equivalente a unha porcentaxe situada entre o 2% e o 5% do total de delegados/as elixidos polas Agrupacións Municipais
- A representación que, no seu caso, lles corresponda ás Organizacións Sectoriais en base ó previsto nas normas do Partido.
- Son membros con voz e sen voto:
  - A Comisión Xestora Nacional.
  - A Comisión Nacional de Ética.
  - A Comisión Nacional de Control Económico.
  - Os colectivos e movementos asociados ou vinculados ó PSdeG-PSOE.

## 2.6. Censo

O censo que conforma o corpo electoral para o presente proceso congresual é o pechado o 1 de abril de 2017, data de convocatoria do 39º Congreso Federal.

O corpo electoral confórmano os e as militantes e afiliados/as directos/as do PSdeG-PSOE, e os e as militantes das Xuventudes Socialistas de Galicia que figuren no censo oficial.

O Departamento Federal de Afiliación e Censo comunicará o censo de militantes á Comisión Nacional de Ética, ao Comité Organizador do 13º Congreso Nacional, á Comisión Xestora do PSdeG-PSOE, ás Comisións Executivas Provinciais e ás Agrupacións Municipais.

A listaxe de votación para a elección da persoa que será o/a Secretario/a Xeral da Comisión Executiva Nacional Galega do PSdeG-PSOE, que integra todo o corpo electoral, quedará pechado cinco días antes da xornada de votación e será remitido a cada Mesa Electoral tres días antes da xornada de votación.

O censo será custodiado e xestionado polo Departamento Federal de Afiliación e Censo, que velará polo seu uso responsable, así como polo pleno respecto á lexislación sobre protección de datos.

De acordo co estipulado nas normas que desenvolven a lexislación de Protección de Datos de carácter persoal, en ningún caso, as precandidaturas ou candidaturas poderán acceder a datos persoais da militancia.

## 2.7. Competencias da Comisión Nacional de Ética e do Comité Organizador.

O órgano encargado de velar pola transparencia e o correcto funcionamento do proceso de elección da Secretaría Xeral da Comisión Executiva Nacional do PSdeG-PSOE é a Comisión Nacional de Ética.

A condición de membro da Comisión Nacional de Ética é incompatible con: ser aspirante ou candidato/a no proceso electoral, formar parte de plataformas de apoio de calquera dos/as

aspirantes á Secretaría Xeral do PSdeG-PSOE, ser representante, interventor ou apoderado no proceso electoral.

Os membros da Comisión Nacional de Ética non poderán avalar a ningún dos/as precandidatos/as, nin mostrarlles publicamente o seu apoio.

Aos efectos de despreparar e coordinar o dispositivo técnico e loxístico necesario para acometer este proceso electoral interno, a Comisión Xestora do PSdeG-PSOE designará un Comité Organizador. Este Comité, cuxo labor será supervisado pola Comisión Nacional de Ética, poderá adoptar os acordos que se estimen necesarios para o correcto desenvolvemento do disposto nas presentes bases e no Regulamento Federal de Congresos.

Os membros do Comité Organizador non poderán prestar o seu aval a ningunha das precandidaturas que se presenten a este proceso electoral.

Unha vez proclamadas, as candidaturas poderán designar un representante diante do Comité Organizador.

### **3. PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS Á SECRETARÍA XERAL DA CENG do PSdeG-PSOE**

Poderán ser candidatos/as aquelas persoas que ademais de formar parte do corpo electoral correspondente ó proceso congresual, cumpran os seguintes requisitos:

- Sexan militantes do PSdeG-PSOE e non incorran en causa de inelixibilidade algunha.
- Reúnan, como mínimo, o aval do 10% do corpo electoral.

#### **3.1. Presentación de precandidaturas.**

A persoa que desexa iniciar unha recollida de avais ao seu favor para optar á Secretaría Xeral do PSdeG-PSOE comunicarao, no prazo comprendido **entre o 4 de setembro e as 12 horas do 5 de setembro**, á Comisión Nacional de Ética a través do modelo oficial establecido para ese fin, que se pode solicitar a través do correo electrónico: [primariassx2017@socialistasdegalicia.com](mailto:primariassx2017@socialistasdegalicia.com) ou recoller na sede nacional do PSdeG-PSOE.

Unha vez comprobado que esa persoa reúne os requisitos esixidos na normativa que resulta de aplicación, a Comisión Nacional de Ética facilitaralle os correspondentes impresos de avais antes de que comece o prazo para a súa recollida e presentación.

#### **3.2. Medios a disposición das precandidaturas.**

O Comité Organizador poñerá a disposición das precandidaturas os seguintes medios:

- a) Os datos estatísticos de censo para saber o número de avais necesarios para presentar a súa candidatura.
- b) Os datos de contacto das Agrupacións Municipais.
- c) Os formularios oficiais, tanto individuais como colectivos, para a recollida de avais.

As Comisións Executivas Provinciais e Municipais facilitarán, en igualdade de condicións, a actividade das precandidaturas. En ningún caso isto inclúe facilitarlle copia do censo de afiliados/as.

### 3.3. Financiamento das precandidaturas.

Os e as aspirantes a precandidatos/as e as correspondentes precandidaturas realizarán as súas actividades atendendo aos principios de austeridade, responsabilidade e transparencia, estando en todo momento sometidas ao control da Comisión Nacional de Ética, que establecerá as condicións e limitacións para o financiamento e os mecanismos para garantir a súa transparencia.

En todo caso, as campañas de captación de fondos, en calquera das súas formas, canalizaranse a través dos mecanismos postos a disposición das precandidaturas pola Xerencia do PSdeG-PSOE, que garantirá o cumprimento da Lei de Financiamento de Partidos Políticos.

En ningún caso se poderán realizar campañas de imaxe ou publicidade pagadas ou sometidas a algún tipo de contraprestación.

### 3.4. Recollida e presentación de avais

**O período de recollida e presentación de avais iníciarase o día 7 de setembro e concluirá o día 20 de setembro, ás 12 horas.** Non será considerado válido ningún aval recibido ou entregado ao Comité Organizador despois dese momento.

Os modelos para a recollida de avais serán establecidos pola Comisión Nacional de Ética que preverá mecanismos de seguridade que garantan a súa autenticidade. En todo caso, os impresos, individuais ou colectivos, serán nominativos para cada candidatura. Non será válido ningún aval presentado nun modelo distinto do oficial.

**Aval individual:** os impresos do aval individual, unha vez cumprimentados e acompañados de fotocopia do DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia, poderán remitirse directamente ao Comité Organizador a través da dirección de correo electrónico: [primariassx2017@socialistasdegalicia.com](mailto:primariassx2017@socialistasdegalicia.com) ou por correo postal á atención do Comité Organizador á Rúa do Pino, 1-9 baixos, 15704, Santiago de Compostela, A Coruña.

Os avais individuais serán custodiados polo Comité Organizador. Informarase a cada precandidatura do número de avais rexistrados ao seu favor, feito que non leva implícita a súa validez.

**Aval colectivo:** os modelos de aval colectivo, que deberán ser orixinais, tramitaranse a través das respectivas precandidaturas, que serán as responsables da súa entrega ó Comité Organizador dentro do prazo previsto e, en todo caso, antes da finalización do prazo establecido para a recollida e presentación de avais.

Unha vez finalizado o prazo para a recollida e presentación de avais o Comité Organizador expedirá a cada precandidatura o correspondente certificado no que figurará o número de follas de avais, colectivas e individuais, presentadas, así como o número total de avais presentados.

### 3.5. Verificación e recuento de avais.

Unha vez finalice o prazo de recollida e presentación de avais procederase á súa verificación e recuento.

A Comisión Nacional de Ética será a encargada de velar pola validación dos avais. Ó respecto, terase en conta o seguinte:

- Cando unha persoa outorga o seu aval a máis dunha precandidatura, estes serán considerados nulos.
- No caso de que unha persoa avale varias veces ou por formatos distintos a unha mesma precandidatura, estes computaran como un único aval válido.
- Serán considerados nulos todos aqueles avais presentados en modelo distinto do oficial. Isto inclúe:
  - Aqueles nos que o nome da precandidatura estea manuscrito.
  - Os individuais remitidos por correo electrónico que non se acompañen do modelo oficial.
  - Os colectivos que non estean correctamente cumprimentados.
- Consideraranse válidos aqueles avais que formando parte dunha folla colectiva reúnan os requisitos establecidos, aínda que nesa mesma folla un ou varios dos avais expresados sexan nulos.

### **3.6. Proclamación de candidaturas.**

Unha vez se verifiquen e reconten os avais presentados, a Comisión Nacional de Ética realizará a proclamación provisional daquelas candidaturas que conseguisen o número mínimo de avais requirido e cumpran o resto de requisitos regulamentarios esixidos.

Contra o acordo de proclamación provisional calquera dos/das aspirantes persoados/as no proceso de verificación e recuento poderán interpoñer, no prazo de 24 horas, recurso en primeira instancia diante da Comisión Nacional de Ética nos termos regulamentarios establecidos, non sendo recorribles feitos, acordos ou decisións que non sexan determinantes na proclamación de calquera precandidatura.

Caberá recurso en segunda instancia diante da Comisión Federal de Ética e Garantías, a presentar en 24 horas desde a recepción da correspondente resolución.

Transcorrido o prazo de recursos a Comisión Nacional de Ética e Garantías procederá á proclamación definitiva de candidaturas.

## **4. CAMPAÑA DE INFORMACIÓN INTERNA**

### **4.1. Principios xerais.**

No caso de que resultasen proclamadas dúas ou máis candidaturas, **entre o día 26 de setembro e a xornada de votación**, estas poderán realizar os seus actos de campaña interna.

Durante a campaña de información interna, os/as candidatos/as terán que manter en todo momento un comportamento adecuado cos principios que inspiran a nosa organización.

Sen prexuízo da individualidade da campaña de cada candidatura, todos os actos e accións que as candidaturas realicen durante a campaña de información, deberán respectar e garantir uns criterios

básicos de unidade de imaxe corporativa do Partido. Estes criterios serán establecidos polo Comité Organizador, baixo a supervisión da Comisión Nacional de Ética.

As candidaturas están obrigadas a respectar a normativa interna do partido, as presentes Bases e as instrucións que dite o a Comisión Nacional de Ética e/ou o Comité Organizador para o desenvolvemento da elección da Secretaría Xeral do PSdeG-PSOE.

#### **4.2. Medios e recursos a disposición das candidaturas.**

Ás candidaturas, unha vez proclamadas, facilitaráselles en igualdade de condicións, o acceso aos seguintes medios e recursos:

- a) Un espazo físico cedido polo PSdeG-PSOE que sirva como oficina-despacho da candidatura.
- b) Un espazo na páxina web oficial do PSdeG-PSOE.
- c) Dirixirse, unha única vez, á militancia con cargo aos fondos do Partido, mediante envíos de propaganda, dentro dun criterio de austeridade e emprego racional dos medios comúns.
- d) Comunicacións por correo electrónico ás persoas que conforman o censo electoral e ás agrupacións do PSdeG-PSOE dentro dos límites que estableza a Comisión Nacional de Ética.
- e) A súa coordinación coa Oficina de Prensa do PSdeG-PSOE.

#### **4.3. Debates.**

As candidaturas poderán celebrar debates entre si, nos termos que se establezan, previa autorización e comunicación á Comisión Nacional de Ética e ó Comité Organizador.

#### **4.4. Financiamento das candidaturas.**

As candidaturas realizarán as súas campañas de información atendendo aos principios de austeridade, responsabilidade e transparencia, estando en todo momento sometidas ao control da Comisión Nacional de Ética, que establecerá as condicións e limitacións para o financiamento das campañas das candidaturas e os mecanismos para garantir a súa transparencia.

En todo caso, as campañas de captación de fondos, en calquera das súas formas, canalizaranse a través dos mecanismos postos a disposición das candidaturas pola Xerencia do PSdeG-PSOE que garantirá o cumprimento da Lei de Financiamento de Partidos Políticos.

O PSdeG-PSOE poderá contribuír economicamente cos gastos ocasionados polos actos da campaña de información que se realicen no proceso electoral para elixir a persoa que asumirá a Secretaría Xeral da Comisión Executiva do PSdeG-PSOE. No caso de que se habilite unha cantidade, esta repartirase a partes iguais entre aquelas candidaturas que resultasen formalmente proclamadas.

En ningún caso se poderán realizar campañas de imaxe ou publicidade pagadas ou sometidas a algún tipo de contraprestación, estando prohibidas as doazóns anónimas ás candidaturas.



## 5. VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DA SECRETARÍA XERAL

### 5.1. Censo electoral para a elección directa da Secretaría Xeral.

A listaxe de votación para a elección da persoa que ocupará a Secretaría Xeral da Comisión Executiva do PSdeG-PSOE estará conformado polo conxunto do corpo electoral. No censo de cada Mesa Electoral, ademais dos electores con dereito a sufraxio figurarán aqueles militantes que solicitasen o voto desprazado e os interventores designados por cada unha das candidaturas.

O censo de votación para a elección da Secretaría Xeral será remitido ós centros de votación tres días antes da xornada de votación.

### 5.2. Centros de votación.

Con carácter xeral o centro de votación será a Agrupación Municipal á que se pertence por razón de militancia.

Os militantes das agrupacións cun censo inferior a 10 votantes exercerán o seu dereito ao voto na agrupación con máis de 10 votantes máis próxima. Non obstante, a Comisión Executiva Provincial correspondente poderá agrupar, aos meros efectos da votación, a varias destas agrupacións, respectando o criterio de proximidade xeográfica, e designar unha delas como centro de votación.

Antes do día 11 de setembro, as Comisións Executivas Provinciais comunicarán ao Comité Organizador aquelas agrupacións que serán centro de votación así como aquelas que se unifican neles. Á súa vez deberán identificar que centros de votación son considerados públicos ós efectos de que poidan admitir votantes que solicitasen o desprazamento de voto.

Será designado responsable de cada centro de votación a persoa titular da secretaría de organización da Agrupación Municipal que sexa centro de votación ou quen sexa designado pola Comisión Executiva Municipal para ese cometido.

#### Afiliados directos

Tomando como referencia o seu domicilio de afiliación, ós afiliados/as directos/as asignaráselles polo Comité Organizador o centro de votación, que se establecerá nas respectivas sedes provinciais.

### 5.3. Voto desprazado.

No prazo establecido **entre os días 25 de setembro e as 13 horas do 3 de outubro**, aqueles militantes que non poidan exercer o seu dereito ao voto na súa Agrupación Municipal, poderán solicitar o desprazamento de voto a outro centro de votación.

A solicitude de voto desprazado deberá facerse mediante o correspondente impreso, a través do correo electrónico [primariassx2017@socialistasdegalicia.com](mailto:primariassx2017@socialistasdegalicia.com) ou por correo postal á atención do Comité Organizador á Rúa do Pino, 1-9 baixos, 15704, Santiago de Compostela. **Non serán válidas aquelas solicitudes recibidas despois das 13 horas do día 3 de outubro de 2017.**

### 5.4. Mesas electorais.

As Mesas Electorais estarán formadas por unha presidencia e dúas vogalías. Os seus membros serán elixidos mediante sorteo entre a militancia da Agrupación que sexa centro electoral, a celebrar pola

respectiva Comisión Executiva, polo menos, 5 días antes da xornada de votación, tendo que comunicar ó Comité Organizador, correo electrónico: [primariassx2017@socialistasdegalicia.com](mailto:primariassx2017@socialistasdegalicia.com), os seguintes datos: Mesa electoral, nome e apelidos, DNI, teléfono móbil e correo electrónico, **coa data límite do 3 de outubro.**

No devandito sorteo deberán elixirse, ademais dos tres membros titulares da Mesa electoral, un suplente para cada un deles.

Con todo, habilítase á Secretaría de Organización ou a persoa designada pola Comisión Executiva Municipal do correspondente centro electoral a tomar as medidas necesarias para que haxa unha Mesa Electoral formada ao comezo do horario de votación.

As Mesas Electorais situadas nas sedes provinciais estarán integradas por tres membros da respectiva Comisión Executiva Provincial, elixidos por sorteo. As persoas titulares da Secretarías de Organización Provinciais non poderán formar parte das mesmas.

### **5.5. Interventores e Apoderados.**

Cada candidatura poderá acreditar un máximo de dous militantes con dereito a sufraxio activo como interventores para cada Mesa Electoral. Estes poderán suplirse libremente entre si sen que poidan actuar ambos ao mesmo tempo diante da mesa electoral. Os interventores exercen o seu dereito a voto na mesa electoral na que están acreditados.

Cada candidatura poderá acreditar como apoderados a militantes con dereito de sufraxio activo. Non poderán desempeñar a súa función simultaneamente máis de dous apoderados por centro de votación. **Os apoderados exercen o seu dereito ao voto na Mesa Electoral na que están censados.**

**O prazo para a designación de interventores e apoderados finalizará 5 días antes da xornada de votación.**

### **5.6. Xornada de votación.**

**A votación terá lugar o día 8 de outubro de 2017**, a unha soa volta, polo sistema de sufraxio libre, directo, segredo e presencial.

Con carácter xeral, o horario de votación será ininterrompido de 10.00h a 20.00h.

Excepcionalmente, para aqueles centros electorais con menos de 100 votantes, poderá habilitarse un horario reducido de votación que deberá ser dun mínimo de 4 horas. En todo caso, o horario de votación será establecido na convocatoria correspondente ó centro electoral.

Para exercer o dereito a sufraxio activo, o/a elector/a deberá acreditar a súa identidade ante a Mesa Electoral mediante a presentación do DNI, pasaporte ou carné de conducir. A Comisión Executiva correspondente a cada centro de votación articulará os medios oportunos para contar con un lugar ou estancia que garanta a preparación e o exercicio do voto polo electorado en segredo.

O voto constará de papeleta e sobre. A Comisión Nacional de Ética aprobará os modelos oficiais de papeletas e sobre para a elección da Secretaría Xeral da Comisión Executiva Nacional do PSdeG-PSOE.

O Comité Organizador, a través das Agrupacións Provinciais, facilitará o material de votación que constará de censo, urna, papeletas de votación, sobres, modelo de acta de constitución, sesión e escrutinio.

#### **5.7. Peche da votación e escrutinio.**

Unha vez finalizada a xornada de votación procederase ao escrutinio dos votos. O escrutinio levarase a cabo polos membros da Mesa Electoral, que cumprimentará a acta cos resultados, e da que se facilitará unha copia aos representantes das candidaturas que así o soliciten.

Na acta reflectiranse, ademais dos resultados, as incidencias e as protestas dos representantes das candidaturas, achegando coa mesma os votos nulos e os votos reclamados ou impugnados.

A documentación correspondente deberá facerse chegar o máis axiña posible á Comisión Nacional de Ética, á sede da Comisión Executiva Nacional do PSdeG-PSOE nun prazo máximo de 48 horas.

**Os resultados comunicaranse de xeito inmediato ao centro de recepción de datos a través dos medios establecidos polo Comité Organizador Nacional do proceso.**

#### **5.8. Votos válidos, nulos e en branco.**

Ós efectos do recuento de votos, terase en conta o seguinte:

- Consideraranse votos en branco o emitido en sobre sen papeleta.
- Considerásense votos nulos:
  - Os emitidos con sobres ou papeletas diferentes dos oficiais.
  - Os emitidos sen sobre.
  - Os Sobres que conteñan papeletas de diferentes candidaturas.
  - Aqueles nos que, no sobre ou na papeleta, se realizaron inscricións, salvo aquelas que, pola súa entidade, non xeren dúbidas sobre a vontade do elector.
- Considerarase un único voto válido o sobre que conteña varias papeletas da mesma candidatura.

#### **5.9. Proclamación de resultados.**

Recibidos os datos do escrutinio das Mesas Electorais, a Comisión Nacional de Ética proclamará o resultado provisional da elección.

Contra o resultado provisional as candidaturas poderán interpoñer en primeira instancia recursos ante a Comisión Nacional de Ética e Garantías no prazo de 24 horas desde o final do acto de votación. Esta resolverá en 24 horas desde a súa presentación. Caberá recurso, en segunda instancia, diante da Comisión Federal de Ética e Garantías, a presentar en 24 horas desde a resolución en primeira instancia. A Comisión Federal de Ética e Garantías terá 24 horas para resolver.

A Comisión Nacional de Ética, unha vez resoltos os posibles recursos, proclamará os resultados definitivos.

## **6. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO PRECONGRESUAL**

O proceso de elección de delegados para o 13º Congreso Nacional ordinario está regulado polos artigos 5.2, dos Estatutos Federais e Nacionais vixentes con anterioridade ó 39º Congreso Federal, e a disposición adicional segunda do Regulamento Federal de Congresos.

O proceso de presentación e debate de emendas ao Relatorio-Marco está regulado nos artigos 33, dos Estatutos Federais vixentes con anterioridade ó 39º Congreso Federal, e 69, dos Nacionais, e nos artigos 4, 72 e seguintes do Regulamento Federal de Congresos.

### **6.1. Asembleas para a elección de delegados e delegadas e debate de emendas**

#### **6.1.1. Convocatoria**

Co fin de proceder á elección dos delegados e das delegadas que participarán no 13º Congreso Nacional ordinario, as Agrupacións Municipais con 5 ou máis militantes celebrarán, entre os días 9 e 12 de outubro de 2017 unha asemblea extraordinaria, que incluirá na súa Orde do Día os seguintes puntos:

1. Constitución da Asemblea e elección de Mesa.
2. Presentación de candidaturas de delegados/as ó 13º Congreso Nacional extraordinario.
3. Votación para a elección dos delegados e delegadas ó 13º Congreso Nacional extraordinario.
4. Debate e votación de emendas ó relatorio marco.

Os e as militantes que formen parte de Agrupacións que teñan menos de 5 militantes poderán exercer os seus dereitos na Agrupación que se lle asigne.

#### **6.1.2. Presentación de candidaturas de delegados e delegadas**

A Comisión Executiva Municipal que corresponda procederá, no seu caso, á apertura dun prazo para a presentación de candidaturas de delegados e delegadas. Estas deberán ser completas; é dicir, conter tantos membros como postos a cubrir, cerradas e bloqueadas. Así mesmo, as candidaturas presentadas deberán cumprir o previsto no artigo 5.2 d) dos Estatutos Federais vixentes con anterioridade ó 39º Congreso Federal, debendo ter igual representación de homes e mulleres ordenados de forma alternativa. Cando o número de integrantes da candidatura sexa impar, a presenza de ambos sexos será o máis axustada o equilibrio numérico, respectándose a orde alternativa entre os candidatos de un e outro sexo.

Con carácter xeral, para poder ser elixido delegado/a haberá que formar parte do corpo electoral.

No caso de que se estableza un prazo de presentación de candidaturas, que finalice antes do comezo da asemblea na que se vai proceder á elección, este deberá reflectirse de forma expresa e clara na convocatoria dirixida á militancia.

Neste caso, a Secretaría de Organización da Agrupación Municipal será a encargada de verificar que as candidaturas presentadas cumpran os requisitos esixidos. No caso de atopar nelas algún defecto que se poida corrixir, deberá comunicarllo de maneira inmediata á candidatura

afectada, outorgándolle un prazo para facelo que, en todo caso, finalizará no momento de inicio da celebración da correspondente asemblea.

Cando a Mesa da asemblea aprecie nas candidaturas presentadas a existencia dalgún defecto que se poida reparar, ofreceráselles ás mesmas a posibilidade de facelo, o que deberá de producirse de xeito inmediato na propia asemblea.

### **6.1.3. Elección de delegados e delegadas**

A elección de delegado/as realizarase por medio do sistema establecido no artigo 5.2 dos Estatutos Federais vixentes con anterioridade ó 39º Congreso Federal, e Nacionais, que é o seguinte:

- a) Os delegados/as dos Congresos, os/as participantes nas conferencias e os membros dos comités municipais, provinciais, insulares, rexionais ou nacionais e federal serán elixidos en listas completas, pechadas e bloqueadas. Aos distintos Congresos non poderán asistir como delegados/as os membros dos respectivos órganos executivos.*
- b) No suposto de que existan dúas listas, a minoría que obteña como mínimo un 20 por 100 dos votos validos a candidaturas, terá unha representación proporcional a estes. En todo caso, a lista que obteña a maioría terá dereito á metade máis un dos delegados a elixir.*
- c) No suposto de que existan máis de dúas listas e ningunha obteña a maioría, a máis votada terá dereito a unha representación da metade máis un dos cargos a elixir, repartíndose o resto proporcionalmente entre as demais candidaturas que superasen o 20%.*

### **6.1.4. Presentación de emendas ó relatorio marco**

A militancia, en consonancia con establecido no artigo 69.3 dos Estatutos Nacionais, na asemblea extraordinaria correspondente da Agrupación Municipal poderá presentar proposicións, achegas ou emendas ó relatorio marco que, para ser aprobadas terán que contar cun apoio mínimo do 20% dos e das participantes na mesma.

### **6.1.5. Envío da acta, fichas de delegados e delegadas e outra documentación**

O envío da acta, fichas dos delegados e delegadas, e demais documentación deberá enviarse á sede da CENG, antes do día 14 de outubro de 2017. Para as comunicacións relacionadas co 13º Congreso Nacional deberá utilizarse a dirección de correo electrónico: [13congreso@socialistasdegalicia.com](mailto:13congreso@socialistasdegalicia.com)

## **7. DESENVOLVEMENTO DO 13º CONGRESO DO PSdeG-PSOE**

O 13º Congreso Nacional ordinario desenvólvese de acordo co disposto nas presentes bases de convocatoria, os Estatutos Federais e Nacionais e o Regulamento Federal de Congresos.

A Comisión Xestora do PSdeG adoptará os acordos, normas, resolucións e instrucións que sexan necesarias para o desenvolvemento do 13º Congreso Nacional ordinario do PSdeG-PSOE.

### **7.1. Constitución e apertura.**

O 13º Congreso Nacional do PSdeG-PSOE quedará validamente constituído, en primeira convocatoria, cando estean presentes a metade máis unha das delegacións e representada máis da metade da militancia do PSdeG-PSOE.

A Comisión de Credenciais, conformada segundo o previsto no artigo 53 do Regulamento Federal de Congresos, comprobará que a acreditación de delegados/as sexa correcta e, mediante a expedición do correspondente ditame, certificará o número de delegados/as acreditados/as.

### **7.2. Mesa do Congreso.**

Para presidir o 13º Congreso Nacional ordinario, mediante votación pública e individual dos delegados/as, elixirase unha Mesa composta por un Presidente/a, un Vicepresidente/a, dous/dúas Secretarios/as de Actas e un Secretario/a de Notas

A Mesa terá por misión dirixir os debates, fixar a orde das deliberacións do Congreso e facer cumprir as disposicións do Regulamento de Congresos, interpretándoo e suplíndoo nos casos de dúbida ou omisión.

### **7.3. Comisións de traballo. Debate e votación de emendas.**

No primeiro día de Congreso estableceranse pola Mesa as Comisións de traballo que debaterán os correspondentes relatorios.

As comisións quedarán constituídas polos delegados/as inscritos, podendo participar con voz pero sen voto os membros da Comisión Xestora Nacional.

Para cada Comisión, de entre os seus delegados/as inscritos, elixirase unha Mesa para dirixir e moderar os debates que examinarán o Relatorio correspondente así como as proposicións e emendas aprobadas. O debate finalizará coa elaboración dun ditame. A Comisión elixirá de entre os delegados e delegadas que formen parte da mesma a persoa que defenderá o ditame no Pleno do Congreso.

Aqueles delegados/as que non estean de acordo co ditame da Comisión poderán manter para o seu debate en Plenario, de entre as emendas presentadas, aquelas que consideren oportunas e que obtivesen, polo menos, o voto do 20 % dos delegados/as inscritos na Comisión.

### **7.4. Debates en Plenario. Aprobación das Resolucións do Congreso.**

O debate no Pleno comezará coa lectura do ditame da Comisión e das emendas totais ou parciais ao mesmo. Lido o ditame e as emendas, pasarase inmediatamente ao debate das mesmas.

Finalizado o debate sobre o ditame da Comisión, a Presidencia someterao a votación consignándose na acta do Congreso o resultado da mesma.

### **7.5. Procedemento electoral congresual**

Para os procedementos electorais que se desenvolven no Congreso elixirase, mediante voto individual e público dos delegados/as, unha Comisión Electoral composta por cinco membros que se responsabilizará da recepción das candidaturas así como do acto de votación e escrutinio posterior.

Chegado o punto da orde do día e durante o prazo establecido faranse chegar á Comisión Electoral do Congreso as propostas de candidaturas de acordo ao establecido na normativa que resulte de aplicación.

A Mesa do Congreso dispoñerá as urnas, papeletas e sobres de votación, hora e lugar de votación. As papeletas de votación serán destruídas despois de proclamados publicamente os resultados.

O reconto será feito público pola Mesa do Congreso antes do acto de clausura.

## **8. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

### **Primeira.**

En ausencia de normativa interna, naquelas cuestións que afecten ó proceso de elección da Secretaría Xeral do PSdeG-PSOE (Mesas electorais, interventores e apoderados, escrutinio, etc.) terase como referencia o disposto na LOREG, sendo sempre de obrigado cumprimento as instrucións, acordos e resolucións que sobre o desenvolvemento do proceso electoral adopten a Comisión Nacional de Ética e o Comité Organizador nacional.

### **Segunda.**

Os Congresos Provinciais celebraranse dentro do prazo dos noventa días seguintes á celebración do 13º Congreso ordinario do PSdeG-PSOE. O proceso interno para a elección directa das Secretarías Xerais provinciais, non poderá comezar antes da celebración do Congreso Nacional ordinario do PSdeG-PSOE.

### **Terceira.**

Desde a proclamación definitiva da persoa elixida para ocupar a Secretaría Xeral e ata a elección da nova Comisión Executiva Nacional, permanecerá no exercicio das súas competencias a Comisión Xestora do PSdeG-PSOE.